

A FESTA DOS MOZOS

i l u
m i n a
c i ó n
e
a c t o s
f e s
t i
v o s

iluminación e lumes de artificio

Non se respira á festa se as rúas da parroquia non están engalanadas. Ademais das bandeiras, flores, cintas e guirnaldas que adornaban os balcóns e portas das casas, a *Comisión* no reparaba en gastos na hora de iluminar a verbena con bombiñas de cores e espectaculares combinacións de artificio. De sempre as bombas eran cousa de Juan Iglesias o *coteiro* e a súa familia, quen tiñan a fábrica en A Chadiza. A familia Iglesias recolleu boa fama polos seus impresionantes Castelos de lume, e que regularmente engrandecían a Festa dos Mozo. Pero aínda así o traballo do sr. Iglesias levaba uns cartiños, e en 1894 cobraba 22'25 ptas. por tres ducias de bombas



demais actos festivos

O día da festa era toda unha sucesión de actos e actividades nas que os mozos de Beluso organizaban non sen esforzo: un partido de fútbol entre o equipo local e un rival de fora, as famosas *carreiras de cintas* confeccionadas polas señoritas, competicións deportivas de todo tipo, cine, obras de teatro, concertos ao aire libre...

A tradición máis arraigada e exclusiva da *Festa dos Mozo* era o sair ao encontro das mocidades das outras parroquias, convidadas pola *Comisión*, chegaban á tardíña para participar na ledicia de verbena. Esta tradición pervivía até non hai tanto tempo: os mozos de Beluso acodían a recibir aos das outras parroquias á *recta do Pión*, levando consigo